

PREGUNTA DE AER SOBRE A ALAMEDA DE REDONDELA. (Rex. Entrada 24.10.2018, 2018-E-RPLN-19)

PLENO 25 OUTUBRO 2018. ACTA 12/2018

Tendo en conta as seguintes consideracións:

- Levamos máis de tres meses coa alameda pechada.
- Executouse unha obra de renovación dos “bordillos”, xa entregada.
- Está pendente a reforma do firme.
- A calquera con un mínimo de sentido común parécelle razoable que as dúas obras constitúen un todo.
- Chegou o tempo de choivas e o firme está sen arranxar.

Non entendemos que criterio organizativo segue o goberno local para dar lugar a este despropósito que mantén pechada a alameda máis de tres meses, polo que preguntamos:

Por que non se licitou todo nun mesmo contrato en vez de fraccionalo en dous?”

Resposta: O alcalde resposta que o orzamento ten que ser dinámico, o ano pasado a obra foi no remanente, pero o obxectivo principal da cantidade que estaba prevista para este remanente foi cumprir coa urbanización do entorno do colexio Igrexa, estaban comprometidos os recursos. Neste ano traballouse para conseguir financiación externa dunha parte importante mediante un convenio e aforrar 80.000 euros aos veciños e veciñas de Redondela e conseguiuase, son conscientes que as obras son un atranco para os veciños e veciñas.